



**ACTA definitiva DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO
XUNTANZA ORDINARIA 9 DE FEBREIRO DE 2017**

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación acta sesión anterior do 25.10.2016.
- 2.- Informar sobre o transporte e a Área metropolitana de Vigo.
- 3.- Dar conta das actuacións dos Orzamentos Participativos 2016.
- 4.- Propostas para actuacións Orzamentos Participativos 2017
- 5.- Rogos e preguntas.

No antigo Preescolar do Viso, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día dous de febreiro de dous mil dezasete, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PSdeG-PSOE
- Jose Bernardo Crespo Abal, representante de AER
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- M^a Jose Acevedo Santoro, representante das asociacións veciñais
- Soledad Vidal Dasilva, representante das asociacións culturais
- José Núñez Iglesias, representante das asociacións veciñais
- José Antonio Martínez Conde, representante das asociacións veciñais
- Alberto Couñago, representante das comunidades de augas

Constitúese o Consello Parroquial do Viso, correspondente ao día da data, conforme á convocatoria e de acordo coa orde do día remitida a todos os Sres./as membros/as, coa antelación legalmente requerida, actuando como Secretaria M^a Luísa Sanmartín Rodríguez.

Pola Presidencia, declárase aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior do 25/10/2016.

Dada conta da acta da sesión anterior celebrada o día 25 de outubro de 2016, o Consello procede á súa aprobación.

2.- Informar sobre o transporte da Área metropolitana de Vigo.

A Sra presidenta informa que este punto queda retirado ante a falta da persoa especializada.



3.- Dar conta das actuacións dos Orzamentos Participativos 2016

A presidenta indica que se fixeron as cunetas na Tomada ata onde chegaron os cartos.

O Sr. Martínez Conde manifesta que quedaran de facelo aberto na parte de arriba, indica que o traballo realizado non puido constar 6.500€.

A presidenta di que para todo o percorrido non daba. Non sabe exactamente cantos metros son. No caso de que alguén teña dúbidas invita a que vaian polo Concello a falar co aparelador municipal, o Sr. Lamas, para que este lles explique, xa que foi el quen fixo a memoria valorada.

Para o o outro proxecto, en Saramagoso, houbo que meter un tubo subterráneo para solucionar os problemas existentes.

O Sr. Crespo Abal pregunta se o que acaba de dicir é onde vive seu tío.

A Sra. Presidenta contesta que si, indica que se meteu saneamento pero ademais solucionouse o problema de que a auga entraba nunha finca.

O Sr. Martíenz Conde intervén dicindo que deixaron un monte de grava, polo que pensaba que continuaban traballando facendo a canaleta aberta.

O Sr. Freire Collazo indica que se para a canaleta aberta daba para todo o percorrido e só nas entradas ía cerrado, non entende como non chegaron os cartos.

A Sra. Presidenta di que a decisión de ser cerrado tamén foi para que non se ensuciara con follas. Os cartos repartíronse non dous lados.

A continuación, O Sr. Martínez Conde explica que non está de acordo co gasto, é moi elevado para o traballo realizado.

O Sr. Cabaleiro Couñago intervén manifestando que isto é un exemplo que demostra que os presupostos participativos son un fracaso. Se hai que facer un gasto hai que afrontalo, non deixar a obra a medio facer. Unha vez máis demóstrase que a distribución dos presupostos non é eficaz.

A Sra. Presidenta indica que na parroquia do Viso non foi eficaz porque houbo que facer en varias zonas. Había que ter un presuposto para Soutoxusto, Tuimil, etc. As cunetas de Soutoxuste custaban os 15.000€, ao querer repartir as actuacións, os cartos non dan para todo. As cunetas xa se acabarán, farase co presuposto do Concello. Os cartos dos veciños están a repercutir nos veciños.

O Sr. Cabaleiro Couñago expón que hai outra fórmula para que os participativos sexan máis efectivos. Denomínanse participativos pero non reflicten iso, xa que hai un descontento xeral porque non se acaba a obra que se fai.

O Sr. Martínez Conde manifesta que Lamas dixera que aberto si chegaba e nas fincas cerrado. Débese consultar o presuposto.

De seguido, a Sra. Acevedo Santoro pregúntalle á presidenta por que di que no Viso se repartiron mal os presupostos.

Responde a Sra. Presidenta manifestando que non é que se repartiran mal, por exemplo, en Reboreda decidiron que o presuposto se destinara a unha zona e así se fixo. Aquí decidiuse unha parte para un lado e outra para outra zona, polo que os cartos non deron para todo.

A Sra. Acevedo Santoro indica que igual foi por unha falta de información.



A Sra. Presidenta manifieta que lles parece cara a obra da cuneta, pero déuselle varias voltas para que non houbese problemas coa poza, e facela cerrada para que non se enchese de follas. A partir da valoración elaborada polo técnico municipal pídense os presupostos para facer a obra.

O Sr. Núñez Iglesias expón que 6.500€ só en tubos e formigón parécelle moito.

4.- Propostas para actuacións Orzamentos Participativos 2017

Intervén o Sr. Cabaleiro Couñago manifestando que o goberno municipal leva cinco anos do mesmo xeito, os Presupostos do Concello aínda non están, se non se aproban os Presupostos xerais non poden dicir nas parroquias que non hai cartos porque a oposición non aprobou os Presupostos municipais, que non corra risco o que piden os veciños.

A Sra. Presidenta intervén dicindo que se votan en contra dos presupostos municipais non se poderán facer actuacións.

O Sr. Crespo Abal indica que nos Presupostos do ano 2015 o seu grupo votou en contra do 1% lienal dos participativos, eles pretendían que fose un 20% pero ao final non se subiu do 1%, é máis, a tendencia é baixalos. AER demanda servizos, ludotecas, etc, non só destinar os participativos a cemento. Sinala que, anteriormente, ante os veciños votáronlle a culpa á oposición.

O Sr. Cabaleiro Couñago di que o ano pasado aprobaron os Presupostos municipais en Xunta de Goberno Local, pese ao voto en contra da oposición.

A continuación intervén o Sr. Freire Collazo afirmando que a concelleira M^a José Barciela dixera que os participativos do ano 2015 non se fixeran por que a oposición votara en contra.

A Sra. Presidenta indica que así foi, as obras estaban organizadas pero atrasáranse un ano. Que a oposición opine que non están ben repartido, que o 1% é pouco, de acordo, pero se estivese aprobado no Pleno esas obras puideran estar feitas.

O Sr. Crespo Abal, indica que no Pleno votaron en contra, non obstante, aprobárono igual en Xunta de Goberno.

A Sra. Presidenta di que, seguindo as indicacións do interventor municipal, non se puido saltar o acordado no Pleno, así que a oposición ten responsabilidade no asunto.

O Sr. Alberto Couñago intervén manifestando que aqueles 15.000€ quedaron no Concello igual, polo que se puideron facer as obras igual, non facía falta chamarlle participativos, debían facerse efectivas as obras demandadas polos veciños.

A Sra. Presidenta engade que se fixeron varias obras, muros, saneamento, etc.

Matiza o Sr. Alberto Couñago que non se fixo nada do que pediron os veciños. Puxeron unha reixa de lado a lado na Nogueira, colocouse abaixo pero non onde fai verdadeiramente falta.

O Sr. Freire Collazo aporta que iso xa quedara o concelleiro Cándido Vilaboa en arranxalo pero non o fixo.



O Sr. Cabaleiro Couñago indica que non é como actúa este goberno, non se pode enganar á xente.

Intervén a Sra. Presidenta dicindo que o PSOE non ten nada que ensinar. O Concello está a traballar moito, os obreros traballan todos os días, e traballan, non cos participativos, hai moito que facer en todo o tempo municipal de Redondela. Coas peticións dos veciños ela organiza o traballo en Vías e Obras; espellos, sinais, reixas, etc póñense todos os días.

O Sr. Cabaleiro Couñago indica que é ridículo por un espello cos cartos dos participativos.

O Sr. Alberto Couñago solicita que na entrada dunha casa que hai no camiño do Monte da Nogueira, onde está a prazoleta, hai que botar asfalto, xa que é terra.

O Sr. Freire Collazo lembra o que xa se ten falado para ampliar o parque.

A Sra. Presidenta indica que primeiro hai que cedelo para poder facer algo nesa zona e despois ir velo cun técnico municipal.

O Sr. Freire Collazo solicita que se faga un xogo de petanca para que a xente vaia ao parque.

Ao falar do parque, a Sra. Presidenta expón que o Sr. Amadeu non colle o teléfono nin pagou.

O Sr. Freire Collazo di que a xente foi a xunta del porque non había luz. Para cortar a luz, Margarita avisou ao Concello, o Concello cortaba o eucalipto e había que facer un muro e botar terra para a pista de petanca.

A Sra. Presidenta di que non avisaron nada no Concello. Insiste en que hai que facer a cesión.

O Sr. Freire Collazo indica que, parece ser, que Amadeu chamou ao Concello e falou cun electricista municipal e el cortou a luz.

Participa a Sra. Acevedo Santoro manifestando que realizárase a cesión a cambio de que realicen algo na zona.

A Sra. Presidenta expón que teñen que decidir o que queren, petanca, parque infantil, etc. Unha vez preparado o terreo faranse as actuacións.

O Sr. Núñez Iglesias pregunta que pasa co muro que está pendente desde hai tempo, afirma que corre perigo de caer.

A Sra. Presidenta di que non corre perigo pero que toma nota.

O Sr. Núñez Iglesias di tamén que hai que recoller as augas do camiño do Panasco.

A Sra. Presidenta pregunta para onde hai que canalizar esas augas.

Responde o Sr. Núñez Iglesias que hai sitio dabondo para canalizar, actualmente a auga transcorre polo medio da estrada.

A Sra. Presidenta toma nota e indica que se ten solución e non se prexudica a ninguén non haberá problema. Pregunta se o rego é de regadío.

Responde o Sr. Núñez Iglesias que non é de regadío, manifesta que é un rego que nace dun manancial.

Polo que a Sra. Presidenta declara que vanno ir mirar.



A continuación intervén a Sra. Vidal Dasilva preguntando pola situación do camiño Valdravón, xa que hai anos que se cederan anacos dese camiño.

A Sra. Presidenta contesta que está pendente de ir miralo.

O Sr. Alberto Couñago indica que xa o fora ver o concelleiro anterior Cándido Vilaboa, agora, coa maleza está peor.

Manifesta a Sra. Vidal Dasilva que o camiño da Brea, camiño de paso, está cheo de silvas, non se pode pasar por el.

A Sra. Presidenta di que ese vial non é municipal, supón que será de servidume, polo que o Concello non ten competencia.

O Sr. Cabaleiro Couñago apoia que é probable que ese camiño non estea inventariado.

O Sr. Alberto Couñago manifesta que o Departamento de Medio Ambiente podía actuar, xa que ten coñecemento que noutras zonas tampouco era municipal e Medio Ambiente obrigou aos propietarios a limpalo.

A Sra. Vidal Dasilva di que ese camiño non se usa, vaise por outro sitio.

A Sra. Presidenta toma nota da situación do camiño da Brea para que Medio Ambiente mande limpar.

Por outra banda, o Sr. Núñez Iglesias reclama que é necesario colocar unha varanda en Soutoxuste.

E a Sra. Vidal Dasilva pide un paso de peóns na escola.

O Sr. Freire Collazo apoia que xa se quedaran en tomar medidas, os vehículos van a moita velocidade pola zona, sendo un perigo.

A Sra. Presidenta indica que xa está solicitado ao Departamento de Mobilidade da Deputación Provincial todos os pasos elevados, incluído un á subida á Peneda, as beirarrúas, unha reixa na curva da Igrexa, o sinal de prohibido camiións pesados, etc. De feito, aínda está esperando pola visita do Sr. Uxío, deputado, posto que lle pediu que viñera a Redondela ver a situación. Xa estaba reclamado todo iso e cando empezou o Plan Móvete da Deputación, o concelleiro de infraestruturas, Arturo, volveuno solicitar. Polo de agora, a Deputación non empezou a facer nada do requirido.

A Sra. Vidal Dasilva informa que ás sete menos algo comezan a pasar camiións pesados, pasan polo Viso para ir a Pontecaldelas.

O Sr. Núñez Iglesias reclama que hai tempo que a presidenta dixera que ía por un panel na estrada do Meixoeiro, á altura do número 7, no muro.

O Sr. Freire Collazo di, respecto ao campo de futbito da Gándara, que os da Comunidade de Montes din que non é deles. É unha pena que o Concello non tome man dese campo, débese quitar proveito a ese terreo.

O Sr. Cabaleiro Couñago aporta que, ademais, hai un precedente, xa que alí no seu momento, asfaltouse.

O Sr. Crespo Abal indica que hai que iniciar os trámites para inventarialo.

O Sr. Freire Collazo pide que se fale coa dona do alboio porque o coche do autobús non dá manobrado. O concelleiro Suso quedou de xestionalo.

Concello de Redondela



A Sra. Presidenta di que para tirar o alboio hai que buscar ao titular.

O Sr. Freire Collazo indica que detrás da súa vivenda (estrada da Nogueira) hai un niño de avispas asiáticas, chamou ao Concello e dixéronme que non había líquido, é un perigo se con estes temporais cae ao chan.

A Sra. Presidenta non entende quen lle puido informar que non había líquido, non obstante, segundo os expertos neste tempo os niños están baleiros.

O Sr. Crespo Abal informa que hai outro nas árbores pola zona do bar de Pepón pero seguramente estarán baleiros.

O Sr. Núñez Iglesias indica que desde Soutoxuste, na subida ao río hai árbores pegadas aos cables eléctricos, hai que buscarlle unha solución porque constitúen un perigo.

A Sra. Presidenta manifesta que se son da Comunidade de Montes hai que falar con eles para que tomen medidas. Pide que os chamen para averiguar se son da súa propiedade. Por outra banda, indica que se vai asfaltar un anaco na zona de Saramagoso onde vive Rosa. Fai entrega do borrador do Regulamento dos Consellos Parroquiais a un membro que non o tiña.

Respecto á expropiación do colexio, o Sr. Freire Collazo indica que son conscientes que está expropiado.

A Sra. Presidenta di que está expropiado un anaco (a de Juanito) e outro anaco cedeuno a veciña.

O Sr. Cabaleiro Couñago di que a proposta do PSOE é que a seguridade é o principal, para aparcamento, etc, ese terreo favorece a todos, hai que expropialo.

Matiza o Sr. Martínez Conde que esa proposta xa é do ano 2000.

A Sra. Presidenta informa que para aparcamento parece ser que non é posible, segundo o indica o técnico municipal (Lamas). Non se pode manobrar correctamente.

O Sr. Crespo Abal indica que Lamas é un empregado, débeno consultar na Deputación.

O Sr. Freire Collazo non está de acordo que non se poida manobrar, o ideal sería delimitar os aparcamentos en batería.

Ou non delimitar nada, indica o Sr. Cabaleiro Couñago. Ademais, o Concello podería comprar o terreo, tando do colexio como no centro onde nos atopamos, para mellorar o servizo destas instalacións.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinteunha horas e cincuenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretario do Consello, DOU FE.

[Aprobada definitivamente en sesión Cons.Parroquial do 19/06/2017](#)